



## TOMIÑO TAMÉN SOFRE O DESGOBERNO SOCIALISTA: APOSTA POLO CAMBIO



Os veciños e veciñas de Tomiño tamén teñen ganas de cambio. Porque o desastre do goberno socialista de Madrid tamén nos afecta de forma directa: porque hoxe pagamos moito máis pola factura da luz, porque temos máis impostos, porque temos menos salario, porque nos conxelaron as pensións, porque nos recortaron servizos e, sobre todo, porque con 5 millóns de parados non hai ninguén en Tomiño que non teña un amigo, un parente ou a el mesmo no paro. Son razóns de sobra para que o vindeiro 20 de novembro vaíamos ás urnas. Ese día, se contamos co teu apoio, será o principio da fin da crise. Porque chegou o momento de que todos vos tomedes a palabra para que ese día sexa o principio da fin da crise: estabilidade e reformas para o emprego e compromiso pleno co benestar.

**PAULA ROMEU, VOCEIRA  
DO PP E MEMBRO DA  
CANDIDATURA AO  
CONGRESO**

**A MARCA DO  
GOBERNO LOCAL:  
CLIENTELISMO E  
INCOMPETENCIA**

# SAÚDA DO PRESIDENTE

Benqueridos amigos e amigas:

Unha vez máis chega ás vosas mans un novo número de Populares, e faino nun momento clave, cando estamos ás portas da gran cita democrática que son as eleccións xerais.

O 20 de novembro temos moito que dicir, porque co noso voto poderemos cambiar o rumbo deste país; cun cambio político, económico e social que nos afaste da política socialista que tanto dano lle fixo a este país en só 8 anos.



A esperanza deste cambio está no Partido Popular e en Mariano Rajoy, un pontevedrés próximo aos galegos e por suposto tamén a Tomiño. Unha persoa seria e responsable, capacitado para facer as reformas que este país necesita sen prexudicar o emprego, os salarios e as pensións dos españois.

O Partido Popular ofrece as solucións, as respostas e as política que lle interesa aos cidadáns, demóstrao desde a Xunta, a Deputación e desde cada un dos concellos nos que nos foron encomendados labores de goberno, pero tamén o demostrou desde o Goberno de España, cando o PP creou cinco millóns de postos de traballo, exactamente o mesmo número de empregos que se destruíron con Zapatero.

Son feito. É feitos é, precisamente o que precisa este país: decisións firmes e accións reais. Se o 20 N os cidadáns así o deciden, levaremos tamén á Moncloa a política dos feitos, do rigor e da transparencia.

Súmate ao cambio.

Rafael Louzán Abal  
Presidente Provincial del PP de Pontevedra

# TOMIÑO POLO CAMBIO

**Cinco millóns de parados son razóns de sobra para o cambio**

Dende estas páxinas queremos convidarvos a unirvos ao cambio. Un cambio que se ten que producir o vindeiro 20 de novembro, porque é necesario aplicar novas e eficaces políticas que teñan como obxectivo primordial a creación de emprego.

Sen dúbida, estamos asistindo a unha situación internacional de crise, pero é no noso país onde o desemprego alcanza as cotas máis preocupantes, consecuencia das tardías e desacertadas decisións políticas do goberno socialista de Zapatero e Rubalcaba. Cinco millóns de parados son motivos de sobra para o cambio.

Necesitamos dun estilo de goberno baseado no sentido da responsabilidade, que sexa consciente da situación na que estamos e que sexa quen de facer as reformas necesarias para que muden as cousas.

Agora, máis que nunca, apostade polo cambio. É o momento do esforzo, da solidariedade por parte de cada un de nós para beneficio de todos, para poder encarar o futuro con esperanza. Os veciños e veciñas de Tomiño tamén debemos contribuír co noso apoio a este proceso.

No noso Concello xa coñecemos a forma de actuar da alcaldesa e agora candidata do BNG, Sandra González: moita xenerosidade á hora de darlle destino aos cartos

públicos, sempre e cando ese destino sexa o seu soldo e o dos seus concelleiros.

A primeira medida que tomou a alcaldesa foi incrementarse o salario en 6.000 euros ao ano para ela e noutros 6.000 para o edil de urbanismo, Uxío Benítez, a pesar de que este edil tamén ten ingresos importantes como deputado provincial. É unha mostra de irresponsabilidade e frivolidade coa que actúa quen agora aspira a ser deputada.

Estas decisións van repercutir no peto de todos, xa que para manter os salarios, o Goberno local aumenta os impostos, como os de circulación, saneamento, catastro... ¡E qué dicir do “mausoleo de Goián”! Un auténtico dispendio que vai ir en detrimento de servizos ou obras máis necesarias.

Por todo iso é necesario que Tomiño se sume a un cambio de ciclo que achegue ilusión e esperanza no futuro.

**Necesitamos políticas eficaces que cren confianza e xeren emprego**



# O CAMBIO DA PARADA DE BUS DE AMORÍN MELLORA A SEGURIDADE

Desde o 2 de novembro, o autobús que recolle aos escolares de Amorín para levalos ao instituto faráo nunha nova parada, co obxectivo de mellorar a seguridade dos rapaces. O autobús entra e sae agora polo acceso da igrexa, dando volta na rotonda.

Este cambio, é froito da xuntanza realizada o pasado día 26 de outubro entre diferentes colectivos veciñais e representantes políticos da parroquia de Amorín, co Inspector xefe de Transporte e co Xefe Territorial de Educación, César Pérez Ares, así como con representantes da empresa de transporte escolar. O obxectivo da xuntanza era, precisamente, atender a demanda de cambio da parada do autobús do instituto de Tomiño, a causa do perigo que



supoñía para os rapaces e rapazas, a ubicación anterior, que os obrigaba a cruzar unha estrada moi transitada.

A empresa fixo varias probas cun autobús, opoñéndose desde o primeiro momento á saída pola baixada cara o cemiterio por motivos de seguri-

dade. De feito, trátase dunha estrada con alta densidade de tráfico e cun cambio de rasanté que dificulta a visibilidade.

A proposta de Pérez Ares, acordouse cambiar a parada de autobús para o lugar antes indicado, mellorando así a seguridade dos escolares.

## PENOSA GESTIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO

Son reiteradas las denuncias que recibimos de muchos vecinos y vecinas acerca del mal funcionamiento del alumbrado público. En muchas ocasiones aparecen líneas del alumbrado encendidas durante el día y, en otras ocasiones, apagadas durante la noche.

Desde el PP defendemos una gestión eficaz, en el sentido de que, en efecto, se pueden apagar determinadas "bombillas" en determinadas zonas no transitadas e incluso en aquellos lugares en donde hay, de forma evidente y no-

toria, un excesivo número de luminarias.

En determinadas travesías de los núcleos rurales también se pueden apagar o desconectar algunas de ellas de forma alterna, pero siempre siguiendo un criterio claro y razonable.

En estos momentos, según parece, el grupo de gobierno, lo que hace es apagar o encender líneas en días alternos y sin ningún tipo de "sentido".

Proponemos hacer un estudio serio en las distintas pa-

rroquias para ver qué farolas resultan ser innecesarias pero, juntamente con los vecinos, rechazamos lo que se está haciendo de una forma totalmente aleatoria e indiscriminada.

A pesar de la propaganda que la Alcaldesa viene haciendo de ahorro y eficiencia, lo cierto es que la factura de la luz crece de forma totalmente descontrolada.

Lamentablemente tenemos que afirmar, con rotundidad, que la gestión del alumbrado público en Tomiño es penosa.

# NORABOA AOS TEIXUGOS E AOS TOMIÑESES DO KAYAK TUDENSE

Novas Xeracións quere felicitar en nome de todo o Partido Popular de Tomiño a Os Teixugos, por proclamar-se campións da liga 2011, e aos tomiñeses do club kayak tudense, que obtiveron medalla no campeonato de España celebrado no mes de xullo en Verducido (Pontevedra). Os medallistas foron por Daniel e David Costa Bouzada, Medallas de ouro no C4-1000 metros home senior e medallas de bronce no C2-1000 metros home senior; Rubén Millán Rodríguez, medalla de ouro no k4-1000 metros, K4-500 metros e k1-500 metros home senior, e medalla de ouro no k4-200 metros home senior; e Marcos González Barreiro, Pedro Carrera Paredes e Roi Rodríguez Huertas, medallas de prata no K4-1000 metros home junior.

Dende aquí tamén lle agradecemos a Esteban Alonso Núñez, adestrador do clube, a

excelente labor levada a cabo cos palistas, ano tras ano.

Pedro Fernández Figueroa, actual presidente de NN XX de Tomiño, destaca o “tempo e sacrificio que leva consigo acadar estes resultados e que é pouco recoñecido, ademais dos elevados custes económicos cos que corre o club

para que os palistas dispoñan do material deportivo necesario, e para pagar os desprazamentos e o aloxamentos para a participación nas distintas competicións da península”.

Por iso, considera necesario que se faga “unha gran aposta por este clube, e seguir animando aos Patrocinadores.



## A CONSELLERÍA DE TRABALLO IMPULSA A FORMACIÓN E O EMPREGO EN TOMIÑO

Nos tempos de crise que estamos a vivir, coas economías domésticas mermadas pola falta de ingresos que supón ter a un ou varios membros da familia en situación de desemprego, é fundamental o fomento da formación e do emprego.

Nesta liña traballa a Concellería de Traballo e Benestar

dependente da Xunta de Galicia a través da programación de cursos e das subvencións que veñen sendo destinadas aos Programas de cooperación e dos que tamén se está a beneficiar o concello de Tomiño.

Así, o departamento de Traballo da administración autonómica destinou a este mu-

nicipio un total de 1.565.000 euros desde 2009 ata 2011, orzamento orientado á formación e á promoción do emprego entre os veciños do municipio.

Este orzamento distribuíuse a razón de 500.000 euros en 2009, 465.000 euros en 2010 e, neste ano 2011, algo máis dos 600.000 euros.

# “O BNG amosou unha gran irresponsabilidade ata uns niveis insostibles, temos o

Paula Romeu Cruz, natural de Forcadela e de 35 anos, é Licenciada en Deseño e tamén distintos cargos dentro do PP local. Este ano entrou a formar parte do Grupo Municipal no Concello, onde está dando a batalla para que o goberno permita reducir a débeda e garantir os servizos á poboación.

### ¿Cales serán as principais liñas de traballo do seu Grupo?

O BNG amosou unha gran irresponsabilidade, endebedando o concello ata uns niveis insostibles. Agora é fundamental que o concello asuma un Plan de Viabilidade Financeira que permita a progresiva redución da débeda e contribúa ao saneamento das contas públicas, para así poder garantir o mantemento dos servizos e dos investimentos, sen poñer en perigo o futuro do municipio. Centrarémonos, pois, en facer un seguimento exhaustivo da xestión do goberno, especialmente no que ao control do gasto público e ao equilibrio presupuestario se refire.

### Xa transcuriron máis de tres meses dende a toma de posesión do novo goberno do BNG ¿qué opinión lle merece a actual xestión?

É pronto para facer unha valoración rigorosa, pero polo que se veu ata o de agora é evidente que empeorou. O Bloque ten, por primeira vez, que tomar decisións por si mesmo, e non



está respondendo aos seus propios compromisos electorais. Non foron capaces de poñer en marcha un só proxecto novo. Houbo unha paralización en investimentos, en materia social, en cultura...

### Esta paralización ¿terá que ver coa crise?

Tomiño é un dos Concellos

que máis ingresos percibe dalgúns impostos, como, por exemplo, o de bens de natureza urbana, o chamado “catastro” que, por certo, se incrementará, ano a ano, ata o 2017.

A falta de fondos non pode ser, pois, unha escusa para unha xestión deficiente, e menos se temos en conta que a primeira medida do actual go-

## sabilidade endebedando o concello que esixirlle que sanee as contas”

Dereito. En 2007 foi elixida concelleira, e desde entón ten desempeñado parte das listas do PP ao Congreso e, ademais, asumiu a portavocía do goberno nacionalista impulse un Plan de Viabilidade Financeira que acción sen seguir comprometendo o futuro do municipio.

berno foi unha suba do salario da alcaldesa e do concelleiro de Urbanismo en máis de 6.000 euros (máis dun millón das antigas pesetas para cada un), así como a subida do salario da Secretaria particular da Alcaldesa.

Desde logo, se é cuestión de cartos, o primeiro que hai que facer é recortar gastos, comezando polos do equipo de goberno e non paralizar obras.

**Falando do catastro, ¿cre que se poden rebaixar os importes actuais?**

Por suposto, está en mans do Concello reducir o tipo aplicable. Ademais, é necesario solicitar una revisión urxente da ponencia de valores, xa que a actual está feita cos criterios de valoración inmobiliaria anteriores á crise. É imprescindible esta revisión á baixa e traballaremos para conseguilo.

**Esa é unha demanda do BNG dende a oposición en Pontearas....**

Aí vese claramente a incoherencia dos nacionalistas, que rexeitan cando gobernan o que esixen cando están na oposición. En Pontearas, a revisión

do catastro fíxose xa en plena crise e, polo tanto, os ponteareáns están pagando un IBI acorde coa situación actual, algo que non sucede aquí, onde a última revisión catastral é de cando estaban en pleno auge os prezos inmobiliarios.

**A alcaldesa tamén anunciaba un convenio con Fomento para a construción da Biblioteca.**

Sería unha boa nova, pero debemos enmarcar este anuncio no actual proceso de Eleccións Xerais. O único que desdo PP esperamos son noticias

de inicio de obras e, a poder ser, de saneamento do parque empresarial ou de facilidades para as empresas e o emprego.

**E falando de eleccións, vai na lista ao Congreso, ¿que agarda?**

O mesmo que todos, que se produza un cambio que xere confianza no país e contribúa a saír da crise. Necesitamos un goberno forte, unha maioría absoluta do PP que poña orden neste despropósito de desgoberno socialista que, coa connivencia dos nacionalismos, están levando a España a un abismo.



# CUANDO LA INCOMPETENCIA NO ES UNA OPCIÓN

Si se produce algún accidente debido a las colocación de bandas reductoras ilegales en las carreteras, el ayuntamiento deberá indemnizar al afectado

El 24 de Septiembre de 2010, tras dos años de moratoria, entraba en vigor la normativa que regula las características que han de cumplir las bandas reductoras que, hasta el momento, los ayuntamientos repartían por las ciudades sin un criterio definido.

Durante estos dos años de moratoria, los ayuntamientos fueron obligados a cambiar o a reformar las bandas reductoras ya existentes que no cumplieren con la normativa. Y, evidentemente, los proyectos futuros de esta instalación debían cumplir los requisitos impuestos por la ley.

Pero Tomiño no siguió esa norma. Durante 2010 ejecutó proyectos de asfaltado, instalando varias bandas reductoras, de las cuales ninguna cumplía los criterios establecidos legalmente.

Pero la irresponsabilidad de los gobernantes del BNG no quedó en eso. No contentos con incumplir la ley durante moratoria, han vuelto a instalar varias bandas reductoras en la carretera del Instituto a Forcadela, incumpliendo de nuevo la ley vigente (medidas, distancias, pintura, etc).

Lo más triste es que 3 concejalías de las 9 que componen el gobierno local están salpicadas por esta incompetencia o burla a la ley: la de Urbanismo,



la de Obras y la de Seguridad y Tráfico. ¿Cómo es posible que ninguno de estos 3 concejales se haya dado cuenta de esta infracción? ¿Es posible que no estén preparados para desempeñar un puesto tan importante como el de concejal en un pueblo de más de 13.000 habitantes?

Aunque pueda parecer un tema menor, no lo es, ya que con esta actitud el actual gobierno del BNG no sólo está incumpliendo la ley, algo ya de por sí grave, sino que las actuales bandas reductoras son un peligro para el tráfico.

Esto implica que, en caso de accidente, el ayuntamiento sería el responsable patrimonial de los daños.

Esto quiere decir que si algún accidente ocurriese, el ayuntamiento estaría obligado a indemnizar al afectado. Y lamentablemente, desde que el BNG gobierna en nuestro pueblo, la deuda del ayuntamiento tiene proporciones de pesadilla y otro varapalo, como una indemnización por accidente, puede hacer una sangría en nuestras malogradas finanzas.

El refranero español, que es muy sabio, afirma que más vale prevenir que curar. Una buena gestión y una buena diligencia ahorran al contribuyente a corto, a medio y a largo plazo. Pero parece que el gobierno del BNG, con sus actos irresponsables, está más preocupado de otros menesteres que de economizar y gestionar de una forma diligente nuestro ayuntamiento.



# LOUZÁN VISITA EN TOMIÑO OBRAS FINANCIADAS POR LA DIPUTACIÓN

El presidente de la Diputación Provincial, el popular Rafael Louzán, visitó recientemente el municipio de Tomiño para comprobar in situ las obras de mejora del acceso a la Iglesia de Sobrada, así como otros viales que la empresa Eiriña ha ejecutado con la financiación de la administración provincial. Estos trabajos han supuesto una inversión de 229.734 euros.

Así mismo, la Diputación financió la construcción de dos pistas de tenis y una de pádel en la zona deportiva de Mosteiro. Unos trabajos desarrollados por Narom y que contaron con un presupuesto de 150.000 euros.

Además de estas obras, la Diputación ha ejecutado en Tomiño otras infraestructuras de gran relevancia, como la mejora del vial de Forcade-



la, presupuestado en 214.000 euros; el saneamiento de Cotro, por un importe de 199.766 euros, el acondicionamiento de la Fonte do Cholro A Salgosa, con una inversión de 39.929 euros; o la pavimentación de la carretera Carregal de Arriba a Taborda, por un importe de 69.419 euros.

En estos momentos, la Diputación Provincial tiene pendientes de ejecutar en Tomiño dos obras, una pavimentación de caminos, por 144.000 euros, y la ampliación de la Casa de la Cultura, con un presupuesto de 400.000 euros y cuyo destino final está todavía por definir.

## XUNTA E DEPUTACIÓN, CO SANEAMENTO DE TOMIÑO



Os investimentos de Xunta e Deputación seguen a permitir avanzar na ampliación e mellora do servizo de saneamento no concello de Tomiño.

Tanto na pasada lexislatura como na que ven de principiar, a Administración Provincial está a subvencionar varias destas obras, que resultan fundamental para a mellora da calidade de vida no municipio.

Entre estes traballos figura o saneamento no Cotro, cun orzamento de 199.766 euros, e o saneamento en Paredes,

ao que destina 84.829 euros. Estes investimentos poñen de manifesto o permanente compromiso da Deputación co saneamento de Tomiño.

Pola súa parte, a Xunta participou nas obras de construción do colector Cereixo-Tebra, nas que se invertiron máis de 2.200.000 euros, financiando o 30% das obras. Do mesmo xeito, a Xunta fíxose cargo de practicamente o 90% do orzamento das obras de saneamento de San Salvador cifrado en 35.280 euros.

# GUERRA DE BANDOS: LA ALCALDESA SE MANIFIESTA EN EL MANIFIESTO

Sandra González es una de las firmantes del manifiesto publicado por críticos dentro de su propio partido, en el que dice que “el BNG a veces da la impresión de no entender el país donde esta”. Y estamos de acuerdo. Efectivamente, así se comprueba en nuestro ayuntamiento: prioridad en obras como la recuperación de la fortaleza en Goian en un contexto de crisis y falta de empleo para los tomiñeses es no entender dónde estamos.

El manifiesto habla de “resintonización con la sociedad”. De las palabras a los hechos: primera medida de la alcaldesa tras las municipales: subirse

el sueldo en el primer pleno. Parte de la resintonización es olvidarse de la situación económica de los tomiñeses y con más dinero en el bolsillo se resintoniza mejor.

“Falta de crítica interna”. Una nueva corriente espiritual invade a los Concejales del BNG, que van del “examen de conciencia” al “perdón de los pecados”. No obstante, la falta de autocrítica es una constante en el mandato de Sandra González en Tomiño, donde siempre se busca un culpable más allá de su seno interno.

Sandra González manifiesta: “estamos perdiendo apoyos

en Galicia y esto es una llamada de atención”. A Sandra González Tomiño se le queda pequeño. Necesita un cambio de aires. Tomiño y sus vecinos no le interesan y tiene miras más altas.

Son luchas internas en un BNG sin liderazgo y falto de coherencia. “Esta es la última oportunidad”, dicen. Se preocupan de su futuro sin preocuparse de los que gobiernan. En Tomiño, alcaldesa, NO HAY FUTURO si se trabaja para los intereses de una misma, en vez de para el pueblo que le votó. Tome nota de las palabras que usted misma apoya y practique con el ejemplo.

## CONTRATACIONES “AMAÑADAS” EN EL CONCELLO

**El PP pedirá que se investigue la posible existencia de casos de “clientelismo político” en las contrataciones que realiza el gobierno local**

Recientemente son muchas las quejas que se están recibiendo de presuntos tratos de favor y “amaños” en los procesos de selección de personal al Concello.

Resulta chocante que muchos de los seleccionados tengan relación directa o indirecta, a través de familiares, con el BNG, lo que nos lleva a sospechar sobre la existencia de un “clientelismo político” en Tomiño.

Es indudable que las oportunidades de colocación pública deben ser igual para todos, tener las mismas oportunidades, sin “favoritismos” de ningún tipo y máxime, si cabe, cuando el trabajo es un bien escaso, como ocurre en la actualidad.

Desde el PP pediremos a la Dirección Provincial del INEM que investigue si en la preselección de candidatos a las distintas convocatorias hay

algún tipo de trato de favor. También haremos un exhaustivo seguimiento de todos los expedientes para detectar posibles irregularidades.



# RUBALCABA, O CANDIDATO DOS RECORTES SOCIAIS

Todos somos conscientes de quén son os responsables da maior crise económica, social e laboral da historia da democracia neste país: o goberno socialista. O goberno do

que Rubalcaba formou parte, o goberno que negou a crise cando xa a tiñamos enriba, que despilfarrou o diñeiro de todos.

O goberno de Rubalcaba e as súas políticas foron os cau-

santes do maior recorte dos dereitos sociais no noso país. Rubalcaba estaba alí, era vicepresidente e é responsable total da dramática situación á que conduciron a España.

## RUBALCABA ESTABA ALÍ: ESTE É O SEU BALANCE

|                              |   |
|------------------------------|---|
| <b>MÁIS PARO</b>             | 5.000.000 de parados. Unha taxa de paro do 21% e de paro xuvenil dun 46%. 1.692.653 desempregados sen dereito a prestación. Redución dun 4,25% dos créditos para formación profesional para o emprego.  |
| <b>MENOS PENSÍONS</b>        | Conxelación das pensións actuais e recorte dun -20% para as futuras.  |
| <b>MENOS SALARIOS</b>        | Recorte do soldo dos funcionarios unha media do 5%.   |
| <b>MENOS EDUCACIÓN</b>       | Recorte dos orzamentos para educación nun 8%, reducindo o gasto non universitario un 23,7%, e as becas e axudas para formación un 9,5%.   |
| <b>MENOS SANIDADE</b>        | Recorte dun 8,2% en sanidade, deixando a sanidade cun déficit de 15.000 millóns de euros.   |
| <b>MENOS VIVENDA</b>         | Eliminación da dedución por vivenda habitual, da axuda directa á entrada e redución do programa de emancipación dos mozos nun 29,6%.  |
| <b>MENOS APOIO Á FAMILIA</b> | Recorte na atención a dependencia dun 11,5%, dun 28,3% nos programas de apoio a familias e para atención de menores. Eliminación do cheque bebe e redución dun 42% as pretacións por fillo a cargo.   |
| <b>MENOS EMPRESAS</b>        | Perda de 300.000 autónomos e 200.000 empresas, pola irresponsabilidade do goberno.  |
| <b>E MÁIS IMPOSTOS</b>       | Suba do IVA e dos impostos especiais, prexudicando máis a quen menos ten. Suba do IRPF e do imposto sobre o aforro. Suba dos prezos un 3,1%, que castiga máis aos que sofren os recortes socialistas: pensionistas, parados, empregados públicos e mozos. Subida da luz non 58% nos 8 anos de goberno socialista. |

Con este balance é máis necesario ca nunca que o PP chegue ao Goberno, para devolver a confianza ao país e retomar a política social que o PSOE eliminou.

Fronte a un PSOE cun candidato que representa o pasa-

do máis escuro e corrupto do Felipismo, e que foi vicepresidente do Goberno que levou a España a esta situación insostible; está o PP, que xa en 1996 soubo sacar a España do buraco negro no que a metera o anterior goberno socialista, converténdoa no que se coñeceu

como “o miragre español”, polo seu crecemento económico e social. É necesario un goberno de maioría para levar a cabo todas as medidas necesarias sen ter que sufrir as chantaxes dos partidos minoritarios. Por iso, pedímoslle o voto para dar un cambio de rumbo ao país.

# PEDRO FERNÁNDEZ FIGUEROA ASUME LA PRESIDENCIA DE NNGG



Al congreso no faltaron altos cargos del PP, como Ana Pastor o Begoña Estévez, así como la cúpula de NNGG a nivel provincial

Pedro Fernández Figueroa asumió el día 2 de septiembre del 2011 la Presidencia de Nuevas Generaciones de Tomiño, en un congreso que se celebró en la Casa de la Cultura y al que no faltaron representantes del PP a nivel nacional, autonómico y provincial.

Al congreso, que se convirtió también en un emotivo acto de despedida del anterior presidente, Esteban González Miranda; no faltaron ni Ana Pastor, vicepresidenta del congreso y cabeza de

lista a las elecciones generales del 20 de Noviembre, ni Begoña Estévez, secretaria xeral del PP provincial, además de toda la cúpula de NNGG y otros cargos del a nivel provincial y local, encabezado por Cesar Pérez Ares.

En síntesis, un acto lleno de simbología y emociones, que resultó un éxito en todos los sentidos, así que ... enhorabuena Pedro (y a todo tu equipo) por la organización del congreso... y suerte!!

La renovación de la agrupación juvenil, muestra de la vitalidad del partido

Síguenos en  
**facebook**



Rafael Louzán

me gusta



Provincial Pontevedra

Populares Provincial Pontevedra

me gusta



**Tomiño**

**Sede:** Avda. Gondomar 22, entresuelo  
36750 Tomiño

**Correo electrónico:** info@ppdetomino.com

**Teléfono:** 986622369